

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/03/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/03/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de marzo de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0810

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas no que se indica que o pavimento de diversas estradas presenta un estado deficiente, con deterioros significativos e a aparición de fochancas en múltiples puntos. Esta situación compromete a seguridade viaria e pode afectar á fluidez da circulación. Por este motivo, considérase imprescindible a súa reparación con carácter urgente para garantir unhas condicións adecuadas de uso para os usuarios destas vías.

Tendo en conta o anterior, a Xuna de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL, con CIF: B-36533537, por un importe total de 18.118,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.210, para subministro de materiais necesarios para a reparación e asfaltado de estradas, que será realizada polos operarios do Servizo de Vías Públicas en diversos puntos ao longo do exercicio 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0811

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, no que indica que o pavimento en varias zonas do ámbito rural presenta fochancas e irregularidades significativas que requiren reparación para garantir a seguridade e unha circulación adecuada para os veciños. O deterioro destas vías non só dificulta o tránsito diario, senón que tamén pode provocar danos nos vehículos e incrementar o risco de accidentes. Ademais, unha rede viaria en bo estado contribúe a mellorar a accesibilidade, facilitando os desprazamentos e favorecendo o desenvolvemento das actividades

económicas e sociais na contorna.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcións, Obras e Vías SA, con CIF A-36008886, por un importe total de 18.065,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210, para subministro de material necesario para que os operarios do Servizo de Vías Públicas poidan levar a cabo as reparacións dos camiños rurais previstas ao longo do exercicio 2025, garantindo así a mellora da seguridade e accesibilidade viaria no ámbito rural.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0812

O Servizo de Vías Públicas dispón de diversos vehículos e maquinaria para a realización de reparacións no municipio, como camións, palas, dumpers e rodillos compactadores. Porén, en determinadas ocasións, estes medios resultan insuficientes, xa sexa debido a avarías ou ás propias necesidades do servizo. Ademais, a partir do 1 de abril, incorporárase ao departamento un equipo de 12 albaneis, 6 pintores e 1 fontaneiro dentro do PLAN MÁIS PROVINCIA, o que suporá un incremento significativo da demanda desta maquinaria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Proyectos y Obras SLU, con CIF B94101946, por un importe total de 18.118,24 € (IVE incluído), para aluguer por horas dos distintos vehículos e maquinaria especificada no orzamento para complementar os existentes no servizo, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 1530.204, por importe de 5.300,00 €
- Con cargo á partida 1530.203, por importe de 12.818,24 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0813

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Vías Públicas no que se indica que hai numerosas beirarrúas nas que resulta imprescindible a reposición e substitución de baldosas en mal estado en distintos puntos da vila. Para garantir unha intervención áxil e eficiente, é conveniente dispoñer dun stock suficiente de material na nave municipal, facilitando así a rápida execución dos traballos de mantemento sen demoras innecesarias.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por INTERMACO, S.L. con CIF: B-36146892, por un importe total de 18.017,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.210, para o subministro dos materiais necesarios para a reparación das beirarrúas afectadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0814

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Vías Públicas no que indica que a rede de saneamento e pluviais do municipio require mantemento e reparacións de forma regular. Para garantir unha resposta rápida e eficiente ante calquera incidencia, resulta necesario dispoñer dun stock de material adecuado na nave municipal, facilitando así a execución dos traballos sen demoras.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRARORA SL, con CIF: B-36242956, por un importe total de 17.945,99 € (IVE incluído), con

cargo á partida 160.210, para o subministro de material destinado ás tarefas de reparación e mantemento da rede de saneamento e pluviais, asegurando o seu correcto funcionamento e a prestación dun servizo eficiente á cidadanía. (tubos de SN4 Ø160, SN4 Ø200 , SN4 Ø 315, SN4 Ø 400 e , SN4 Ø 500)

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0836

O pasado 30 de xaneiro, o departamento de Emerxencias informounos de que na Casa da Cultura de Carril se desprendera unha chapa lateral do tellado e varias tellas se soltaran debido aos fortes ventos do temporal deses días.

Parte das chapas caeron na entrada do edificio, mentres que as restantes quedaron en mal estado. Como consecuencia, na actualidade, cada vez que chove, prodúcese filtracións de auga en diversos puntos do centro cultural.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL, con CIF B94128675, por un importe total de 4.452,80 € (IVE incluído) con cargo á partida 334.212, para subministro de material e man de obra para a realización das tarefas de reparación do tellado da Casa de Cultura de Carril.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0846

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel López Gómez, solicitando a devolución do vehículo VMP Zmarca ZWHEEL ZRINO-01, inmovilizado o día 28-02-2025, por carecer de autorización administrativa con validez para a súa circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que se deberán cumprir os seguintes requisitos para a súa devolución:

1º. Pago da taxa de inmovilización e depósito, por importe total de 56,00 €.

2º. Recoller o VMP en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública.

3º. Quedar informado da prohibición de circular con VMP de referencia pola vía pública.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do vehículo inmovilizado, unha vez se cumplan os requisitos indicados no informe da Policía Local.

PRP2025/0900

Con data do 24 de febreiro, a Xunta de Goberno Local aprobou o orzamento para a fabricación dunha porta de aluminio anodizado natural e a retirada da porta existente no CEIP A Lomba, por importe de 2.351,25 € (IVE incluído).

Posteriormente, a dirección do centro solicitou a reposición da porta contigua, considerando necesario completar a actuación para garantir a funcionalidade e seguridade das instalacións. Ambas portas teñen a función de gardar as bombonas de butano empregadas na cociña do comedor escolar, polo que a súa correcta instalación resulta fundamental para a seguridade do centro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CUEVAS SL, con CIF B36027597, por un importe total de 2.155,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para subministro de material e man de obra para a fabricación e instalación dunha segunda porta de aluminio anodizado natural, incluíndo a retirada da folla existente, co obxectivo de asegurar unha

correcta execución da obra no CEIP A Lomba e manter as condicións de seguridade no almacenamento das bombonas de butano.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0910

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Concepción Ventoso Pacheco, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, para manifestarse o día 14 de marzo de 2025, en horario de 17:30 a 19:30 horas, debido á ausencia de enfermeira no CEE de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/0848

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2025, por un importe total de 9.600,00 e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1175,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1175,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	275,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	575,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	575,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	575,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	525,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	2	x 50,00 €	625,00 €

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	575,00 €
T O T A L							9600,00 €

PRP2025/0849

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 28 de febreiro de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes febreir9
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/0948

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Arelar Xestión Socioeducativa SL para o desenvolvemento do Proxecto CONVIVE, por un importe de 8.978,20€ (IVE engadido), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0949

Vista a proposta da Concellería da área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Prevención da Adicción as pantallas, e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa, por un importe de 3.714,70,€ (IVE engadido), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0950

Vista a proposta da Concellería da área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Teatro Social, e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa, por un importe de 4.864,20€ (IVE engadido), con cargo á

partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0951

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Obradoiros para a prevección da adicción aos Xogos de Azar, e a súa adxudicación a Ramón Molina Gómez, por un importe de 3.690,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610(financiación plan máis provincia). Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0952

Vista a proposta dos Servizos Sociais, visto o informe e documentación que obra no expedientes a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e recoñecemento de obriga a favor de Pompas Fúnebres Europeas SL, polo importe de 1.260,00 €, con cargo á partida 231.22699, correspondente aos servizos funerarios realizados a JOSE PEREGRINO MONDRAGÓN.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/0850

O venres 21 de marzo de 2025, vaise a levar a cabo en Vilagarcía de Arousa a actividade “MATEMÁTICAS NA RÚA E EN GALEGO”, unha xornada organizada por profesorado de Educación Matemática do IES O Carril e a colaboración da Concellería de Educación de Vilagarcía de Arousa e de AGAPEMA (Asociación Galega do profesorado de Educación Matemática).

Xunto con outros centros, veñen de organizar esta actividade para achegar as matemáticas a todas e todos.

Nesta primeira edición participarán os centros de primaria e de secundaria:

- IES Castro Aobre
- IES Armando Cotarelo Valledor
- IES O Carril
- CEIP Rubiáns
- CEIP A Escardia
- CEIP Arealonga
- CPR Sagrada Familia

O Concello organizará os espazos (Praza de Galicia e Praza da Peixería), material loxístico, dará conta aos axentes que interveñen, e colaborará de xeito económico abonando o gasto de desprazamento do CEIP de Rubiáns e do IES O Carril, este último unicamente en caso de chuvia.

Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para traslado de alumnado do CEIP Rubiáns e IES O Carril, posto que son os centros educativos máis lonxanos do lugar da celebración da actividade, coa EMPRESA PEREIRA SL, CIF: B36030997 por importe de 654.55€

+ 10%IVE, o que fai un total de 720.01€, con cargo á partida 320-223.

Lémbrase ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0855

Dáse conta da seguinte proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

Que ten recibido proposta do profesor de frauta deste centro, Jesús L. González López, a cal se achega a este informe, sobre a organización dunha Saída cultural á cidade de A Coruña para asistir a un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

A saída está prevista para o sábado 22 de marzo de 2025 entre ás 11:00 e ás 23:30 horas realizando pola mañá unha visita a Torre de Hércules e ao Museo de Belas Artes e asistindo posteriormente ao concerto que a Orquestra Sinfónica de Galicia ofrecerá ás 20:00 horas no Palacio da Ópera.

Os profesores Jesús González e Vladimira Smausová, que acompañarán ao grupo de alumnado do Conservatorio, estarán en todo momento presentes durante o desenvolvemento de dita actividade.

O profesor Jesús González solicita no seu informe que o centro se faga cargo dos gastos de desprazamento a A Coruña en autobús. Tense solicitado orzamento á Empresa Pereira SL, con CIF B36030997 ascendendo o mesmo a un total de 640,00 € (581,00 € + 21 % do IVE 58,18 €)

Por outra banda sinalar que cada alumno/a se fará cargo dos gastos da entrada ao concerto así como dos gastos da comida e merenda e a parte proporcional do custo das entradas do profesorado que acompaña ao grupo.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización da Saída Cultural a A Coruña o vindeiro sábado 22 de marzo de 2025 con un grupo de alumnado do Conservatorio Profesional de Música na compañía dos profesores Jesús L. González López e Vladimira Smausová segundo o exposto anteriormente neste informe e no informe do profesor adxunto a este expediente.

Aprobar o o gasto do desprazamento do grupo en autobús ata A Coruña a realizar pola Empresa Pereira SL por un importe total de 640,00 € (581,00 € + 21 % do IVE 58,18 €) con cargo á partida 3261 223 do orzamento do Conservatorio Profesional de Música para o ano 2025.

PRP2025/0897

Dáse conta da seguinte proposta do Xestor do Arquivo Municipal:

No Arquivo Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa consérvase unha colección de postais, encadradas fundamentalmente na primeira metade do século XX. As postais teñen un gran valor dende o punto de vista histórico, ó ser testemuña visual da historia e da cultura en épocas pasadas, dende a súa aparición no s. XIX.

O Arquivo Municipal, co apoio do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, procedeu á dixitalización de dita colección de postais, cun triple obxectivo:

A preservación e conservación das postais dende un punto de vista material.

Facilitar a accesibilidade ó contido das postais a investigadores e cidadáns.

Proceder a difusión poñendo en valor a colección de postais.

Deste modo os arquivos dixitalizados foron subidos á plataforma ATOPO (<https://atopo.depo.gal>), o catálogo documental e bibliográfico da Deputación de Pontevedra onde se poden localizar fondos do Museo de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación, dos arquivos municipais e doutras institucións, públicas ou privadas, da provincia de Pontevedra. Calquera usuario poderá acceder a través da rede Internet á información e as imaxes desta colección de postais.

A colección está composta por un total de 234 postais, agrupadas según temáticas (rúas, mercado, praia, Cortegada...) e cunha autoría e edición moi variada, dende aqueles máis coñecidos como Hauser y Menet, ou Thomas, ata editores de carácter máis local como Foto Martínez ou M. Reguera (adxúntase relación de postais con datos individualizados de título, autor, data, formato e descrición).

A dixitalización das postais, xunto coa levada a cabo das fotografías que compoñen o Fondo Liceo Casino, enmárcanse nun proxecto de difusión e posta en valor do material de carácter visual que alberga o Arquivo Municipal.

Con todo, dáse conta á Xunta de Goberno da dixitalización, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación, da colección de postais que se conserva no Arquivo Municipal, para a preservación, difusión e posta en valor das mesmas. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0908

Dáse conta da proposta da directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a solicitude de axuda económica perante o Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais do Ministerio de Cultura para o desenvolvemento da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025:

Primeiro: Está previsto que o vindeiro mes de abril se presente perante os medios de comunicación a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás.

Que ata o de agora a financiación do festival vense realizando maiormente con recursos propios así como a través do Plan + Provincia da Deputación Provincial e de aportacións privadas.

O proxecto desta VIII edición, aprobado pola XGL na sesión do 27/01/2025, foi elaborado co obxectivo de cumprir os requisitos expostos en diferentes convocatorias de axudas públicas para a financiación do clasclás, tanto da Comunidade Autónoma coma do Ministerio de Cultura a través do Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais – INAEM - , e segundo o exposto nas convocatorias de anos anteriores.

Segundo.- Con data de 5 de marzo de 2025 o BOE ven de publicar o “Extracto de la resolución de 3 de marzo de 2025 del Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música por la que se convocan ayudas a la danza, la lírica y la música correspondientes al año 2025”, a cal se achega a esta solicitude xunto coa Resolución completa e as Bases da convocatoria estipuladas segundo a Orden CUL/2912/2010, de 10 de novembro, publicadas no BOE nº 275 do 13 de novembro de 2010.

Que desde a Dirección do Festival desexamos presentar solicitude de axuda perante o INAEM para financiar parte dos gastos derivados da celebración da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 na Modalidade B Ayudas a la lírica y la música, B3. Programas de apoyo a festivales, muestras, certámenes y congresos de lírica y música.

Os requisitos son os seguintes:

(...)Se convocan ayudas destinadas a festivales, muestras, certámenes y congresos de lírica y música que se desarrollen entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2025.

Será requisito que el festival, muestra, certamen o congreso, por su repercusión, trayectoria, proyección o singularidad de su programación, tenga ámbito, relevancia o difusión nacional o internacional en virtud del volumen, calidad e impacto social de su programación, y que los festivales, muestras y certámenes tengan un antigüedad mínima de 5 años, incluída la edición para la que se solicita la ayuda.

A tal fin, el proyecto presentado en el caso de festivales, muestras o congresos deberá consistir en funciones o actividades de agrupaciones o participantes procedentes de al menos, tres

Comunidades Autónomas o Ciudades con Estatuto de Autonomía distintas de aquella en que se celebre la actividad proyectada;

Para valorar la procedencia se tomará en consideración la sede social de la agrupación lírica o musical.(...)

Que para elo será preciso achegar a través da sede electrónica do Ministerio de Cultura a documentación sinalada na convocatoria de referencia.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.-Aprobar a presentación da solicitude de axuda económica perante o Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais – INAEM – ao abeiro da “Resolución de 3 de marzo de 2025 por la que se convocan ayudas a la danza, la lírica y la música correspondientes a 2025” e polo importe de 10.000,00 €.

Segundo.- Autorizar á Dirección do Festival a realizar os trámites precisos para a presentación de dita solicitude.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/0845

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude para aprobación das bases que teñen como finalidade regular a participación e o acceso ás casetas, das editoriais e librarías con sede en Vilagarcía de Arousa, no evento “Vilagarcía, Cidade de Libro”, promovendo a cultura, a lectura e o uso da lingua galega. Así mesmo, búscase regular a participación doutras entidades relevantes no sector cultural e /ou librarías especializadas, ao obxecto de enriquecer a programación do evento. As bases fixan os requisitos e procedemento para a participación así como os dereitos e as obrigas a cumprir por parte dos participantes.

Establecese como prazo de inscrición de dez días naturais dende a data de publicación das bases na sede electrónica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar as citadas bases.

PRP2025/0912

Vista a proposta da Concellería de Xuventude , a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases e prezos públicos para a realización do Campamento Urbano de Verán 2025 a levar a cabo durante o mes de xullo e ata o 14 de agosto de 2025 no CEIP Arealonga, en horario de 8:00 a 15:00 h (de 8:00 a 9:00 o Plan Madruga), dirixido a 70 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021, por un importe estimativo de monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano de 22.406,86 € (IVE incluído) (partida 2314.22624) e o prezo estimativo de limpeza das instalacións de 3.280,28 € (IVE incluído) (partida 2314.22610), dando un importe total de 25.687,14 € (IVE incluído).

- Importe prezo estimado por participante o tempo completo de desenvolvemento do campamento de verán: 355,81€.

Importe prezo estimado por participante e mes 244,63 €.

Importe prezo estimado por participante e quincena 122,32 €.

No referente a cota a aboar polos/as usuarios/as, acórdase a aprobación dos seguintes prezos públicos:

- 135 € (o total do período: do 3 de xullo ao 11 de agosto).
- 90 € mes.

- 45 € a quincena.

SEGUNDO: Aprobar o orzamento e adxudicación do Servizo Complementario de comedor dos Campamentos Urbanos de Verán 2025, á empresa (Chicolino) JOSÉ FAJARDO S.L. B 15320187 LUGAR EGIPTO 125, ABANQUEIRO - BOIRO (A CORUÑA) C.P. 15938, por un importe máximo estimado de 9.280,00€ (ive do 10% engadido), con cargo á partida 231.22610.

TERCEIRO: Aprobar o orzamento e adxudicación do servizo de limpeza por importe de 3.280,28€ (ive do 21% engadido) á empresa Clece S.A. con CIF: A80364243 e enderezo en Plaza de América 1, Torre 1, 1ª planta. 36211 Vigo, con cargo á partida 231.22610.

CUARTO: Aprobar o prezo público do servizo de comedor, cun importe máximo por usuario e día de 5 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

As cotas do servizo terían unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, tal e como se indica:

R.P.C familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario/a	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80 e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

1. Nen@s pertencentes a familias con máis dun/dunha menor ao seu cargo, desconto dun 20%.
2. Nen@s pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %.
3. Cando participen no programa varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 %.
4. Menores pertencentes a familias en situación acreditada de vítima de violencia de xénero, desconto dun 20%.

O prezo público é inferior o límite fixado en función dos orzamentos estimados, xa que é obxectivo principal desta actividade o de habilitar mecanismos de conciliación da vida familiar e laboral así como proporcionar aos nenos e nenas unha oferta de actividades socioculturais dentro do eido da educación non formal, aproveitando o potencial educativo do tempo libre dentro dos períodos vacacionais. Por esta razón se aconsella unha redución do prezo público tal e coma se recolle no artigo 4.2 da Ordenanza número 38 reguladora do Prezo Público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou sociocultural organizadas polo Concello.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/0843

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa O Piñeiro, S.L. para a realización dos traballos nun talude existente en Trabanca Sardiñeira, que consisten en plantación de ornamentación floral, construción de xardineiras e testos con travesas e instalación de rego, por un importe total

de 15.206,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171-22109.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0844

Vista a proposta do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Kompan S.A. para o subministro de 6 elementos existentes no parque infantil de Ravella, por un importe total de 18.084,96€ (IVE incluído), con cargo á partida 170.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0955

Dáse conta da proposta da Alcadía:

En 2023 e 2024, como proba piloto e a modo de colaboración coas confrarías, estiveron-se xestionando as algas da limpeza dos bancos marisqueiros conxuntamente cos restos vexetais municipais nunha parcela do polígono do Pousadoiro. Esta xestión continuará en probas mais ao mesmo tempo procurou-se avanzar nun aproveitamento directo por parte da confraría ou de agricultores que mellora-se a eficiencia desta colaboración e evita-se a saturación de dita parcela. O uso de algas e argazos na agricultura é un aproveitamento tradicional e durante os últimos meses varios agricultores da comarca solicitaran a achega do material producido no Pousadoiro ou directamente das algas para as súas fincas privadas para facer unha xestión propia do recurso.

Por outra banda, hai un produtor agrícola que ten experiencia no tratamento e uso das algas na súa explotación agrícola e ademais de solicitar a achega deste recurso, está disposto a recibir visitas doutros agricultores para fomentar o seu uso e formar-se neste aproveitamento tradicional, formación na que tamén colaboraremos os mestres composteiros do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa, a Confraría de Carril e a Empresa Urbaser SA.

PRP2025/0978

Dáse conta do informe emitido pola mestra composteira, en relación á presenza de residuos nas marxes do rego do Con ao seu paso por Rubiáns, ao fin de que se adopten as medidas oportunas. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2025/0965

Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo, para aprobar a solicitude de subvención ao Galp, para a realización dun documental sobre o traballo da muller nas conserveiras e no marisqueo en Vilagarcía:

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025

En convocatorias pasadas, obtívose a financiación para a RUTA DE TURISMO MARIÑEIRO EN CARRIL, a RUTA DE TURISMO MARIÑEIRO EN VILAXOAN E VISITA VIRTUAL e O MIRADOIRO DA

CRUZ DE XIABRE ou para A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL

Agora o que se pretende é, por unha banda, poñer en valor as conservas de peixes e mariscos e que tanto emprego xeran na nosa ría, e, por outra, render unha homenaxe ou recoñecemento ao traballo que realizan as mulleres nas conserveiras e no marisqueo, fundamentalmente na primeira metade do século XX. Para isto farase un documental titulado O TRABALLO DA MULLER NA RÍA Solicitouse presuposto á produtora ZERO ENTERTAINMENT GALICIA, S.L., que presenta o que se achega e ascende 14.943,50 €. A empresa realizará

- 1 documental de 1 hora aproximada
- 1 versión curta dese traballo, de 20 a 30 minutos
- 1 trailer
- 3 videos curtos para a promoción en RRSS.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 12 febreiro de 2025, para o proxecto O TRABALLO DA MULLER NA RÍA, que ascende 14.943,50€, e por o importe do 100% por tratarse dunha iniciativa de interese colectivo e beneficiario colectivo.

PRP2025/0966

Dáse conta da seguinte proposta do servizo de Turismo pra aprobar a solicitude de subvención ao Galp para a promoción da gastronomía da ría nos 12 meses:

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025

En convocatorias pasadas, obtívose a financiación para a RUTA DE TURISMO MARIÑEIRO EN CARRIL, a RUTA DE TURISMO MARIÑEIRO EN VILAXOAN E VISITA VIRTUAL e O MIRADOIRO DA CRUZ DE XIABRE ou para A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL

Agora o que se pretende é promover a gastronomía cos produtos que máis definen a ría pero facendo ao longo de todo o ano, utilizando os produtos que estean no seu mellor momento, e tanto da terra, da horta, como do mar.

Na primeira pranta da praza de abastos haberá 14 obradoiros baixo o título O CALENDARIO DA RÍA NA TÚA MESA, dirixidos ao público en xeral e impartido por Xoanqui Ameixeiras. Comenzarán en setembro de 2025 e rematarán en outubro de 2026. Sempre se utilizarán produto comprado nese praza e nese día, sempre de tempada.

Ademais en Carril, no primeiro andar do edificio da lonxa i en sábado, nun sábado de setembro e noutro de outubro, haberá un obradoiro sobre a cociña con conservas a cargo da empresa local JELOPA S.L. (OS PEPERETES) e outro realizado pola popular cociñeira ROCÍO GARRIDO CARAMÉS.

I en Vilaxoán, na praza de abastos e tamén en sábados de setembro e outubro, se farán 2 obradoiros impartidos polas mesmos profesionais que en Carril.

Da presentación e dinamización deses catros obradoiros farase cargo Xoanqui Ameixeiras.

Nos 18 obradoiros inclúese a elaboración de produto en cantidade suficiente para que logo podar ser degustado polos asistentes.

Os presupostos desas actividades son os seguintes:

ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	PROVEDOR	IMPORTE	(IVE
------------	---------------	----------	---------	------

			ENGADIDO)
14 obradoiros sobre O CALENDARIO DA RÍA NA TÚA MESA e presentación de 2 en Carril e 2 en Vilaxoán	PÚBLICO XERAL	EN	XOANQUI AMEIXEIRAS
2 shocookings sobre as conservas (1 en Carril e outro en Vilaxoán)	PÚBLICO XERAL	EN	JELOPA, S.L. (LOS PEPERETES)
2 shoocookings sobre produtos da ría (1 en Carril e outro en Vilaxoán)	PÚBLICO XERAL	EN	ROCÍO GARRIDO CARAMÉS
Deseño de cartelería e promoción en redes sociais	PÚBLICO XERAL	EN	CARLOS CRESPO
		TOTAL	19.053,00

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 decembro de 2023, para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DA RÍA NOS 12 MESES, que ascende 19.053,00 €, e por o importe do 100% por tratarse dunha iniciativa de interese colectivo e beneficiario colectivo.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/0903

Dáse conta da proposta da Área de Igualdade para aprobar o orzamento de elaboración dunha peza breve de contacontos para crianzas de 2 a 6 anos sobre coidados e a educación emocional: A área de Igualdade levou a cabo, durante o anterior exercicio do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a edición e publicación dun caderno utilizando aos Bolechas como protagonistas, sobre a importancia dos coidados e do autocoidado como estratexias de prevención da violencia dirixida a nenos e nenas de educación infantil.

Neste curso queremos facer chegar esta publicación ao nenos e nenas de infantil. Para elo organizamos cos centros educativos que teñen ensinanzas neste tramo de idade unha presentación coa que explicar e promocionar a importancia dos coidados e do coñecemento das emocións propias, como unha base sobre a que aposentar o respecto e a empatía acerca dun mesmo/a e dos demais.

Estes obxectivos están contemplados no IV Plan de Igualdade, e mais concretamente na Área III de Modelos Igualitarios para a Convivencia, no Obxectivo 1 dirixido a favorecer a sensibilizacións e implicación dos centros educativos como un elemento fundamental para achegarnos ao colectivo infantil, Prevéndose para isto a realización de obradoiros ou calquera outra actividade que promova actividades co alumnado dirixidas a estes fins.

Asemade, no grupo de traballo permanente que a área de Igualdade ten co profesorado, recibimos dende fai anos peticións acerca da necesidade de traballar tamén coas idade mais temperás a fin de cimentar modelos igualitarios e cuestionar adecuadamente os estereotipos sexistas que seguen transmitíndose socialmente.

En base ao anterior a área de Igualdade presenta a XGL unha proposta para a realización de 11 representacións dunha peza dirixida a poboación infantil sobre coidados e educación emocional coa que explicar o contido das publicacións mencionadas e repartir os cadernos entre o alumnado. Estas 11 representacións baséanse no número de centros educativos que teñen alumnado destas idades, así como no número de alumnos/as por centro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Natalia Feijoo Gómez, por importe de 4.510,00€ con cargo á partida 2312-22615, correspondente a 11 representacións que

se faran para atender a todos os centros con alumnado de idades de 2 a 6 anos e a elaboración do contados co que se introducirán as temáticas mencionadas.

CULTURA

PRP2025/0864

Vista a solicitude de Asociación Cultural San José Aldea de Arriba, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Xosé o vindeiro día 23 de marzo de 2025 en Aldea de Arriba (Cea):

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2025/0837

Dáse conta de acordo do Pleno da Corporación Provincial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 28 de febreiro de 2025, no que se adoptou, entre outros o acordo seguinte:

...)

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado programa que obra no expediente, á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, do 30 de xaneiro de 2025 (CSV: 2WAQB2H9J08EQ9NT) e da Intervención provincial, do 4 de febreiro de 2025 (CSV: DX0ELY8VDBFXOWIE), e do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, do 21 de febreiro de 2025 (CSV: 6PLMRHH2SK6AE79K), o Pleno acorda por unanimidade:

1º. — Prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31 de marzo de 2026.

2º. — Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31 de agosto de 2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0853

Dáse conta de recurso de reposición presentado por D. Jesús Gabilondo Viqueira e Dona Carmen Viqueira Conde, contr o acordo de Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2025, que desestimaba a alegación presentada de conformidade co indicado no informe do Arquitecto Municipal.

Dáse conta de informe do Arquitecto Municipal de data 10 de marzo de 2025, no que se indica:

" O interesado presenta un novo escrito no que reitera na súa totalidade os argumentos expostos

na primeira alegación e insiste en que o arrimo da cafetería “infringe, de forma muy grave, las previsiones del planeamiento en vigor que no ampara construcción alguna en contacto con la edificación existente y que, a su vez, exige la separación o retranqueo reglamentario”.

Malia que, no escrito, se insiste nunha infracción moy grave do planeamento, non se cita ningún parágrafo da normativa urbanística en vigor que respalde unhas afirmacións tan rotundas.

Consecuentemente, ratifícome nos argumentos e conclusións do meu informe de 22 de xaneiro de 2025 que non considero necesario reproducir de novo."

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2025.

PRP2025/0854

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xaneiro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas para a “Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada”, redactado polo Director de Actividades Deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 12.841,50€ (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 12.841,50€, para financiar o investimento de Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada.”

Con data 22 de xaneiro de 2025 realizouse a solicitude de financiamento, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, de conformidade co indicado no acordo transcrito no que antecede.

Detectado que os referidos pregos de prescricións técnicas conteñen un erro aritmético na suma do IVA á base impositible do orzamento do mesmo, sendo o orzamento correcto (IVE engadido) de 12.281,50€ (e non 12.841,50€).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o citado acordo, quedando do seguinte xeito:

1.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas corrixido, para a “Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada”, redactado polo Director de Actividades Deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 12.281,50 € (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a modificación da solicitude de subvención para o investimento de referencia, sendo a cantidade correcta de 12.281,50€, para financiar o investimento de Subministración dunha caseta para o campo de fútbol municipal de A Pelada.

PRP2025/0856

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 20 de xaneiro de 2025, tomou, entre outros os seguintes acordos, aprobar o proxecto, redactado por NAVES 04 Arquitectos, denominado «Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa», cun orzamento de 164.255,86€ e solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento, con cargo ao II Plan Extraordinaria de Infraestruturas Deportivas.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, concedeuse subvención para o investimento «Reforma da pista de Atletismo Fontecarmoa», por importe de 164.255,86€.

Tramítase expediente de contratación de obra denominado «Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa», ditándose pola Alcaldía Providencia de Incoación, con data 25 de febreiro de 2025. No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), prego de cláusulas administrativas particulares, informe xurídico favorable e informe de firscalización.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, mediante tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de Reforma de pista de atletismo Fontecarmoa.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 164.255,86€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 164.255,86€, con cargo á aplicación orzamentaria 342 63200.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2025/0887

De conformidade as Bases Reguladores do Plan + PROVINCIA 2025 para o financiamento dos Gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social enmarcada na Base do Capítulo II-LIÑA 2, propoño deseguido unha relación dos seguintes gastos correntes, aos efectos de que sexan subvencionados con cargo ao PLAN + PROVINCIA 2025 (LIÑA 2) :

- Gastos derivados da celebración do VIII Festival Internacional de Música ClasClas (exclusivamente cachés)

TOTAL GASTO 30.000,00 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 30.000,00 €

- Gastos derivados da actividade a realizar no programa das festas de San Roque: Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2025 (prestación de servizo pirotécnico).

TOTAL GASTO 47.867,60 € (IVE engadido)

Subvención(98,07%): 46.943,53 €

Achega MUNICIPAL 924,07 €

- Gasto corrente (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento das mesmas dende axentes externos tendo en conta gastos de prestación, desprazamentos, recursos materias e humanos e xestión, coordinación e dinamización do mesmo) para o financiamento da actividade “Proxecto CONVIVE” no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 8.978,20 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 8.978,20 €

- Gasto corrente novo (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento das mesmas dende axentes externos tendo en conta gastos de prestación, desprazamentos, recursos materiais e

humanos e xestión, coordinación e dinamización) para o financiamento do Proxecto de TEATRO SOCIAL no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 4.864,20 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 4.864,20 €

- Gasto corrente novo (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento das mesmas dende axentes externos tendo en conta gastos de prestación, desprazamentos, recursos materiais e humanos e xestión, coordinación e dinamización do mesmo) para o financiamento da actividade Proxecto PREVENCIÓN ADICCIÓN ÁS PANTALLAS para o departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 3.714,70 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 3.714,70 €

- Gasto corrente novo (gastos no relativo á prestación e desenvolvemento das mesmas dende axentes externos tendo en conta gastos de prestación, desprazamentos, recursos materiais e humanos e xestión, coordinación e dinamización e deseño do mesmo) para o financiamento do Proxecto OBRADOIROS PARA A PREVENCIÓN DA ADICCIÓN AOS XOGOS DE AZAR no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO: 3.690,50 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 3.690,50 €

- Gasto corrente para a realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero, que consta de dúas actividades:

a) Curso de Formación en competencias clave Nivel 2/ Módulo competencias en lingua galega, dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situación de vulnerabilidade cun orzamento de:

-Servicio externo: 6.690,00€ (exento de IVE)

b) Semana de actividades arredor do papel e a presenza das mulleres na creación cultural:

-Faladoiro/ Actividade adicada ao análise da produción cultural con perspectiva de xénero: 1.200,00 €

-Obradoiro: 1.200,00 €

-Concertos, cine espectáculos o similar: 3.500,00 €

- Outros (gastos xestión, retransmisión, cartelería): 656,50 €

TOTAL GASTO(a+b) 13.246,50 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 13.246,50 €

- Gasto corrente para a realización dun Programa para Taller de estimulación cognitiva e psicomotricidade, consistente en tres obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores.

TOTAL GASTO 11.628,00 € (IVE exento)

Subvención (100%): 11.628,00 € (IVE exento)

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Excm. Deputación de Pontevedra, ao abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do PLAN + PROVINCIA da Liña 2 (BOPPO Nº 1 do 2 de xaneiro de 2025), a aprobación da subvención para os gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos concellos , antes descritos, pola cantidade Total (IVE engadido) de 123.065,63 € .

PRP2025/0913

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra pola que se acorda:

- Conceder unha subvención ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, CIF:P3606000B, ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), por importe de 33.608,44 euros co

obxecto do financiamento da actuación denominada “CONSTRUCCIÓN DE MARQUESIÑA E OUTRAS OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE BERDÓN”, Expediente nº 2025003641 cuxo orzamento ascende a 33.608,44 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Orzamento	Subvención II PEID	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
33.608.44 €	33.608.44 €	0,00 €	0,00 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2025/0914

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, en relación ó recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario, nº 178/2020, interposto por Bermor Abogados, S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, de data 10 de febreiro de 2020, relativo á adxudicación do contrato de servizos denominado “Servizo de asistencia xurídica en materia de urbanismo”, condena ao CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA, ao pago das costas procesais por importe de 847,00 euros.

Así mesmo á vista do escrito remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, da sala Tercera do Contencioso-administrativo, en relación ao recurso de apelación nº 7134/2022, condena ao Concello de Vilagarcía de Arousa e ao licitador Calixto Escariz SLU, ao pago das costas procesais que ascenden a 1.000,00 euros, que deberán ser abonados 500 euros polo Concello e 500 euros por Calixto Escariz SLU.

Practicadas as taxacións de costas polo Xulgado C-A nº 3 en data 05/11/2024 e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 06/11/2024, deuse vista ás partes sen que, transcorrido o prazo concedido, foran impugnadas.

Visto o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Abonar a través do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra na súa conta de consignaciones, o pago das costas procesais por importe de 874,00 euros, en relación ao recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 178/2020 interposto por Bermor Abogados S.L, contra o acordo da XGL de 10/02/2020 ditado no expediente de contratación CT 56/2019-e, con cargo á partida 920.22604.
- 2.- Abonar a través do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala 3ª C-A na conta de consignaciones número ES5500493569920005001274 do Banco Santander, Concepto: 1578-000-85-7134-22, o pago das costas procesais por importe de 500,00 euros, en relación ao recurso de apelación nº 7134/2022 interposto polo Concello de Vilagarcía de Arousa contra sentenza de data 03/06/2022, con cargo á partida 920.22604.

PRP2025/0915

A Autoridade Portuaria e o Concello de Vilagarcía firmaron un acordo o 14 de setembro de 2022, polo que a primeira cede o uso dunha nave no porto de Vilagarcía, sita na rúa Gamela, para a utilización da mesma con destino a realización de ensinanzas e actividades náuticas e deportivas. O Regulamento de Réxime Interno da Fundación de Deportes, no seu artigo 1. Instalacións Deportivas Municipais, establece que:

“Son Instalacións Deportivas Municipais (IDM) todas as edificacións, campos, recintos e dependencias do Concello adscritos á Fundación de Deportes destinadas á práctica e desenvolvemento de actividade física e deportiva en xeral.

A Fundación de Deportes velará polo mantemento e conservación axeitada do conxunto de IDM, con tal de prestar o servizo público ao que están destinados durante a vida útil do edificio ou

instalación.”

Pola Dirección Deportiva da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais informase que:

1º.- Dentro destas instalacións deportivas municipais está A Nave de Usos Náuticos, cedida pola Autoridade Portuaria ao Concello para realización de ensinanzas e actividades náuticas e deportivas.

2º.- Actualmente esta nave está sendo usada polos clubs C.D. Pérez Sub e A.D.C.Raspa de actividades subacuáticas, o Club Salvamento Vilagarcía, o Real Club Regatas Galicia e o Club Piragüismo Vilagarcía, tanto para o desenvolvemento da súa actividade deportiva ordinaria, como no caso de este último clube, para o desenvolvemento da escola municipal de piragüismo.

3º.- O acceso dende a nave ao mar, actualmente ao non dispor de pantalán é a través dunha rampa de pedra a cal non é adecuada para baixar as embarcacións e as piraguas ao mar, tanto pola irregularidade da mesma como pola presenza de algas que afán esbaradiza e perigosa para as/os deportistas.

4º.- A adquisición dun pantalán que de un acceso seguro aos deportistas para baixar as piraguas e as embarcacións ao mar é unha inversión estratéxica, xa ue o Concello continuaría co apoio do desenvolvemento dos deportes náuticos, o pode alinearase con iniciativas de desenvolvemento sostible, fomentando o respecto polo medio ambiente e a conservación dos nosos recursos naturais e promovendo un estilo de vida activo e saudable.

Ao mesmo tempo, esta adquisición mellora unha infraestrutura deportiva municipal, repercutindo así mesmo na imaxe institucional, xa que un pantalán ben deseñado proporcionará un acceso seguro e cómodo para os usuarios, minimizando o risco de accidentes que existe coa rampa de pedra actual, o que é moi importante para as familias dos cativos que participan nas actividades de deporte base das entidades deportivas e nas escola municipal de piragüismo.

5º. Na nave de deportes Náuticos, hai un espazo para a preparación física dos deportistas polo que poder dotar dese espazo de maquinaria para a mellorar a súa condición física, e axudalos a mellorar o rendemento, xa que con un equipamento moderno e funcional permítese aos deportistas realizar adestramentos máis efectivos e específicos, así como fomentar a motivación cun entorno de adestramento renovado e atractivo o que pode aumentar o compromiso dos deportistas cos clubs locais

6º.- O Liceo Casino de Vilagarcía de Arousa, con C.I.F. G36010577, ten un pantalán da súa propiedade na dársena esquerda do porto deportivo de Vilagarcía de Arousa o cal era utilizado polas seccións de vela e piragüismo que tiña a entidade, así como diversa maquinaria de ximnasio. Empregada para a preparación física dos deportistas de ámbalas seccións, as cales xa non están activas.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado “Adquisición dun Pantalán e maquinaria de ximnasio para nave de usos náuticos, CT 24/2025-e, ao Liceo Casino de Vilagarcía de Arousa, con C.I.F. G36010577 por importe de 5.000,00 € (IVE excluído), 6.050,00 (21% IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 342-63200.

PRP2025/0918

Dáse conta de acordo do Pleno da Corporación Provincial da Deputación Provincial de Pontevedra, da sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, polo que se aproba a concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Expte. 2024062370-2025010086), polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa a seguinte subvención, quedando condicionada á aprobación da correspondente modificación de crédito do ano 2025:

EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
--------	----------	-----------	------------	-----------	---------------------	------------------	--------------

2024 0762 50	VILAGAR- CÍA DE AROUSA	Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa	76	3.184.114,33 €	1.100.000, 00 €	2.084.114, 33 €	
		TOTAIS		60.466.646, 26 €	37.799.316,56 €	22.667.329 , 70 €	

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0954

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Da. Cristina Maneiro Cores con data 12 de marzo de 2025, con enderezo na rúa Quinteiro de Cea, nº 26, no que manifesta que debido a colocación dunha pedra de gran tamaño na entrada ao vial que da acceso a súa vivenda, non pode acceder co vehículo. Poder acceder a vivenda co vehículo é importante xa que, según manifesta, ten o seu cargo un filia con problemas de saúde importantes.

Ademáis fai referencia a existencia dunha parra que enche de restos de uvas o camiño, o que supón o aumento de insectos, así como a falta de limpeza do mesmo.

Unha vez consultada a documentación no servizo de Patrimonio, a Rúa Quinteiro de Cea consta inscrita no inventario de bens municipais co código 1.07.02.00 Código Legal 3397 - 0.

No rúeiro do Padrón de habitantes a rúa Quinteiro de Cea consta inscrita co código de vía número 00552. A vivenda onde está instalada o soporte da parra (Rúa Quinteiro de Cea, 28), según certificado emitido polo padrón de habitantes, consta como vacía por non figurar ningunha persoa empadrouada.

Consultado co responsable do servizo de alumeadado público, informa que non é posible levar a cabo a colocación do punto de luz solicitado por non poder utilizar o elevador, xa que a parra existente impide poder desplegar o brazo da grúa e así proceder a instalación do punto de luz na fachada da casa número 26 (residencia da solicitante).

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Servizo Municipal de Obras se proceda á retirada da pedra situada na entrada ao vial que da acceso á vivenda da Sra. Maneiro Cores na Rúa Quinteiro de Cea nº 26.

Así mesmo procederase a estudar a posibilidade de colocación do punto de luz solicitado.

PRP2025/0988

Dáse conta de informe da Policía Local en relación á reordenación do tráfico por mor das obras que se van a realizar na Rúa Conde Valledano, así como da reubicación da parada e estacionamento do servizo de taxis.

Considerando que a nova ubicación da parada e estacionamento de taxis vai a ser no marxe dereito da Avda. da Mariña, marxe da Alameda e fronte ao novo Centro de Saúde, considérase o seguinte: A nova ubicación en dita zona supón a supresión do único carril da Avda. da Mariña sentido crecente (Sentido Auditorio), polo que será necesario unificar o actual carril de acceso ao parking do Cavadelo co carril esquerdo oposto, para así quedar a vía coa seguinte distribución:

- Avenida da Mariña, sentido Auditorio:

Un carril de parada e estacionamento de taxis, na marxe dereita, Dito carril comeza a altura de intersección ca rúa Conde Valledano e finaliza na Avda. da Mariña, no actual carga e descarga, a altura do número 44-50, aproximadamente. Mesma distribución que a actual parada e estacionamento de taxis da Praza da Independencia.

Deberáse ter en consideración a entrada ao garaxe do inmoible sito á altura do número 34-36.

Un carril para a circulación dos vehículos, con marcas lonxitudinais continuas agás marcas

discontinuas, permitindo a entrada ao parking do Cavadelo.

- Avenida da Mariña, sentido comisaría CNP

Un carril para a circulación dos vehículos, con marcas lonxitudinais continuas.

Deberáse sinalizar coas sinais verticais pertinentes (zona parada e estacionamento de taxis), así como un correcto repintado de marcas viais para garantir o ancho da vía mínimo da circulación dos vehículos, conforme a normativa de carreteras e marcas viais.”

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar unha nova parada de taxis a ubicar na marxe dereita da Avda. da Mariña, marxe da Alameda e fronte ao novo Centro de Saúde.

2.- Adxudicar o contrato menor de obras “Acondicionamento da nova parada de taxis na Avda. da Mariña” á mercantil Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L. (B36533537)), por importe de 6.230,37 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.308,38€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 7.538,75 € con cargo á aplicación orzamentaria 1530-22108 coa finalidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a reubicación da parada de taxis na Avda. da Mariña.

PRP2025/0989

O concello de Vilagarcía de Arousa ten previsto dotar a Carril dun aparcamento público e gratuíto, co que responder ás demandas da cidadanía e dos visitantes que, especialmente no verán, non contan cun espazo adecuado e suficiente para deixar os seus vehículos e desfrutar de todo o que ten por ofrecer O Carril.

Ao enxeñeiro técnico municipal encargóuselle, por acordo da XGL de 10/03/2025, a redacción do proxecto técnico das obras para a realización de aparcadoiro público na parcela con referencia catastral 8881602NH1188S, en trámites de expropiación forzosa urxente,

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado “LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO DE PARCELA EN AVDA. ROSALIA DE CASTRO, 180-182 - CARRIL PARA APARCAMENTO DISUASORIO”, referencia catastral 8881602NH1188S, á mercantil OFTEFOR, C.B. (NIF: E36418283), por importe de 450,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 94,50 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 544,50 €, de acordo coa oferta aportada, e con cargo á aplicación orzamentaria 150-22706.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2025/0956

Visto o expediente de gasto INT/2025/108 integrado pola relación de xustificantes F/2025/26 por importe de 15.052,43€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga, para a relación de facturas N° F/2025/26 por importe de 15.052,43€coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2025 /549	1347 251100237	24/01 /2025	2.400,34	132	22108	B12019659	BAYGAR, S.L.	SEÑAL MOPU SITUACION DE UN PASO DE PEATONES 60x60cm N1 / SEÑAL MOPU ESTACIONAMIENTO 60x60cm N1 / SEÑAL MOPU ESTACIONAMIE
F/2025 /552	RM 250012	27/01 /2025	5,76	454	213	B94166782	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	FUSIBLES AUTOFUSE 5 A / FUSIBLES AUTOFUSE 7,5 A. / FUSIBLES AUTOFUSE 10 A. / FUSIBLES AUTOFUSE 15 A. /

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
								FUSIBLES AUTOFUSE
F/2025/559	A25 78	15/01/2025	374,00	160	22700	B36449031	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	SERVICIO EXTRA DE TARDE DE LUNES A VIERNES (15:00 A 20:00) / SERVICIO EXTRA DE TARDE DE LUNES A VIERNES
F/2025/633	A25 85	23/01/2025	374,00	160	22700	B36449031	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	SERVICIO EXTRA DE TARDE / N DE ORDEN DE COMPRA: 17243 / RESPONSABLE: RICARDO PICHEL PREGO / SERVICIO: SANEAMIENTO. ABAS
F/2025/634	2250056	31/01/2025	455,77	454	210	A36008886	CONST., OBRAS Y VIALES, S.A.	TONELADAS AGLOMERADO CALIENTE D-12 SURF (PL. A GOULLA) / TONELADAS AGLOMERADO CALIENTE D-12 SURF (PL. A GOULLA) / TONELA
F/2025/675	Emit- 294	31/01/2025	166,41	1530	22199	B36435170	TRITURADOS DO SAIAR, S.L.	GARBANCILLO 12/25 (AG-T-10/20-G) ()
F/2025/677	25 501	30/01/2025	156,09	454	213	B36181899	AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	DIR 3 : CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC: L01360600 INTERVENCION XERAL / OG: L01360600 ALCALDIA-PRESIDENCIA / OT: L
F/2025/678	4733523542	31/01/2025	215,38	132	22108	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	PINTURA SEÑALIZACIÓN VIAL 421 AZUL20L
F/2025/680	RM 250232	05/02/2025	7,65	1530	213	B94166782	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	FARO MATRICULA UNIVERSAL
F/2025/683	VL 30127	05/02/2025	486,30	1720	22614	B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	REPARACION ACOMETIDA HIDRANTE FEXDEGA (PARQUE CANINO)- Orza. 3000309 do 04/02/2025: REPARACIÓN DE ACOMETIDA HIDRANTE
F/2025/703	1151/25	03/01/2025	396,27	160	210	35462620R	LORENZO IGLESIAS, JOSE LUIS	CAMBIAR VÁLVULA DE RETENCIÓN NO BOMBEO DE FECALES EN RUBIÁNS.
F/2025/704	05	31/01/2025	254,10	134	22799	35471784B	LORENZO AMOSA, JOSE L	REPARACIÓN DUN PORTAL SECCIONAL, SUSTITUIR CABLES. TRABAJO REALIZADO NO PARKING XOAN XXIII
F/2025/722	V 20250102	31/01/2025	70,18	334	22699	B36158897	MADERAS J. REDONDO, S.L.	TABLERO CONTRACH.FROMAGER/VARIAS
F/2025/723	V 20250103	31/01/2025	228,69	1530	213	B36158897	MADERAS J. REDONDO, S.L.	TABLERO CARRIAGE / FIJA+PLUS TURBO NEGRO 290ML / FIJA+PLUS TURBO NEGRO 290ML
F/2025/738	G0VF 1957	04/02/2025	67,98	320	213	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	N Albarán:G11A / 6609 Fecha: 20 / 01 / 2025 / TAPA EXPAN. CIEGA BOTE SIFONICO 110 GRIS / OBRA COLEGIO A ESCARDIA / N AI
F/2025/753	1347 251100417	07/02/2025	305,54	132	22108	B12019659	BAYGAR, S.L.	SEÑAL MOPU ESTACIONAMIENTO 60x60cm N1 / SEÑAL MOPU PASO PARA PEATONES 70cm N1. (P-20) / CINCEL SDS-MAX PREMIUM 400x25mm
F/2025/754	1347 251100414	07/02/2025	63,48	454	214	B12019659	BAYGAR, S.L.	ESCOBILLAS BOSCH 160701417 / ESCOBILLAS BOSCH 1619P02870
F/2025/761	1250200209	11/02/2025	182,02	160	213	B64471840	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	PILOTO ALT.BRILLO LED MULTICHIP 230V VER / PILOTO ALT.BRILLO LED MULTICHIP 230V ROJ / PILOTO ALT.BRILLO LED MULTICHIP 23
F/2025/762	1250200207/1	11/02/2025	97,27	165	213	B64471840	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	DORNA 50W 740 VA150X90° IP66 4KV / DORNA 30W 740 VA 150X90° IP66 4KV / CADENA 30CM DEWALT PARA REF. DCM565P1/ DCM565N
F/2025	125020020	11/02	158,39	320	213	B6447184	GRUPO	BERLIN ECO LED GR 2X1200MM 1EXT

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
/763	8	/2025				0	ELECTRO STOCKS,S.L.U.	S/POLAR / 78 MOLDURA AUTOADHESIVA BLANCO RAL9010 10X22 U23X / PROYECTOR LED 30W 5700K 12
F/2025 /764	1250200205	11/02 /2025	849,06	334	213	B64471840	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	CABLE AUDIO DIGITAL 2X0.5MM / CONECTOR XLR MACHO / CONECTOR 3 PIN. XLR HEMBRA
F/2025 /765	25 0000021	05/02 /2025	30,25	4312	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	material (Fra. Nº 25/0000021 - OBRA: Plaza Abastos. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 -- Intervención
F/2025 /766	25 0000022	05/02 /2025	14,52	323	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	materiales (Fra. Nº 25/0000022 - OBRA: Galiña Azul de Villajuán. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 --
F/2025 /767	25 0000023	05/02 /2025	856,70	334	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	Mano de obra (Fra. Nº 25/0000023 - OBRA: Centro Cultural La Torre. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600
F/2025 /768	25 0000024	05/02 /2025	654,01	320	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	Mano de obra (Fra. Nº 25/0000024 - OBRA: Ceip A Lomba (Gimnasio). Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 -
F/2025 /769	25 0000025	06/02 /2025	524,62	323	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	Mano de obra (Fra. Nº 25/0000025 - OBRA: Galiña Azul Villajuán. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 --
F/2025 /782	G0VF 1958	04/02 /2025	18,03	323	212	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	N Albarán: G11A / 6625 Fecha: 23 / 01 / 2025 / TAQ HG 3 / 8-1 / 2 HH L. 50 / TAQ HG 3 / 8-1 / 2 HH L. 40 / MACHON DOBLE
F/2025 /783	G0VF 1959	04/02 /2025	93,65	2311	212	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	N Albarán:G11A / 6629 Fecha:24 / 01 / 2025 / MONOMANDO ONE GIRATORIO PARED C / HORIZONT / TAPA WC. ALEXIA BLANCO BISAGR
F/2025 /784	G0VF 1960	04/02 /2025	12,71	132	212	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	N Albarán: G11A / 6637 Fecha:28 / 01 / 2025 / TUBO EVACUACION SERIE B 32Ø 5M
F/2025 /785	G0VF 1961	04/02 /2025	35,11	160	210	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	N Albarán: G11A / 6639 Fecha: 28 / 01 / 2025 / CODO M. H. 160X45 GRIS / CODO M. H. 160X87 GRIS
F/2025 /787	25 0000027	12/02 /2025	589,88	334	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	Mano de obra (Fra. Nº 25/0000027 - OBRA: Auditorio Municipal Villagarcía. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1
F/2025 /788	25 0000028	12/02 /2025	340,62	323	212	B36027597	CUEVAS, S.L.	Mano de obra (Fra. Nº 25/0000028 - OBRA: Escuela Infantil Municipal. Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO136060
F/2025 /789	Emit- 413	12/02 /2025	1.112,60	132	22108	B36252872	BAÑOS PRINT, S.L.	SEÑALES DIRECCION PROHIBIDA / FLECHAS / SEÑALES GRANDES / SEÑAL BICO E VAI / SEÑALES PEQUEÑAS / PLANCHA PVC ESPUMADO 1
F/2025 /835	/25 39	17/02 /2025	1.089,00	160	213	B94057536	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICA S, S.L.	INSPECCIÓN DE TUBERÍAS (canalVIEW+) / SERVICIO SOLICITADO POR DIEGO DIZ MEIXUS
F/2025 /1074	4733581785	12/02 /2025	134,92	1530	213	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	DISCO-CORTE-CONCAVO-D115X3,2 / DISCO-CORTE-VERDE-SPEED-PLUS-D115X1
F/2025 /1078	Emit- 651	31/01 /2025	226,15	160	210	B36146892	INTERMACO, S.L.	BOLSA CEMENTO RAPIDO 10 kg (ORDE DE COMPRA 17232 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL) / BOLSA CEMENTO RAPIDO 10 kg (
F/2025 /1142	A 316	18/02 /2025	388,19	1530	22199	B36456952	SEGURLAIN 2020, S.L.	CARRETERAS / PRUEBAS BOLSA TRABAJO / Guante Dover soldadura G132 /

